

A Xunta convoca Mesa xeral o día 1 de decembro sen documentación previa e o día seguinte, o pouco informado verbalmente non se reflicte no Proxecto de orzamentos e de Lei de medidas que aprobou o Consello de Goberno.

- O proxecto de Lei de Orzamentos 2017 e a da Lei de medidas que se tramitan no Parlamento **poñen de manifesto a mala fe da Xunta de Galicia en materia de dereitos de consulta e negociación de todos os empregados e empregadas públicos.**
- O proxecto de Lei de medidas **modifica a Lei de emprego público e limita o dereito á carreira administrativa dos empregados e empregadas públicos.**
- O proxecto de Lei de medidas **supón o incumprimento de Acordos en desenvolvemento que na Mesa xeral se anunciou que se abordarían.**
- O proxecto de Lei de Orzamentos 2017 **suspende, por quinto ano consecutivo, o artigo 19 do V convenio colectivo da Xunta**, non atendendo ao **requirimento da Valedora do pobo** do pasado 20 de setembro, en resposta a queixa formulada por FeSP-UGT Galicia.

Na Mesa Xeral do pasado día 1 de decembro, a Xunta conculca o dereito á negociación colectiva realizando unha convocatoria sen documentación e nula vontade de negociación, o que constitúe unha actuación de extrema gravidade.

A Xunta informa e reitera en varias ocasións, que se contemplan cuestións como o incremento salarial e taxas de reposición no tramo máximo que se aprobe nos orzamentos do Estado.

Un **engano**, unha farsa, xa que ocultaron medidas de **contrarreforma** da Lei do emprego público vixente, e do V Convenio Colectivo Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, que se introducen coa **Lei de medidas** que acompaña o Proxecto de orzamentos, xa que son materias obxecto de negociación que afectan a mobilidade e provisión de postos, creación de escalas e funcións, etc.....

No referente ao persoal laboral, **suspendese, por quinto ano consecutivo, o artigo 19** do V convenio colectivo da Xunta, non atendendo ao **requirimento da Valedora do pobo** do pasado 20 de setembro, en resposta a queixa formulada por FeSP-UGT Galicia, requirimento que instaba a Xunta a **retomar o diálogo social a fin de recuperar acordos** que permitan (coa gradualidade que esixa a contención do gasto) incluír, nos sucesivos proxectos de presupostos previsións relativas aos **compromisos de recuperación dos pactos iniciais.**

.....Continua páxina seguinte



FeSP
Servizos
Públicos

Galicia

Informa-t

No relativo a **contrarreforma da Lei do emprego público de Galicia, Lei 2/2015**, de 29 de abril, nalgunha cuestión vulnéranse acordos ou pactos coas organizacións sindicais, para:

- Concurso de **traslados para postos concretos**, o que na práctica se traduce en manipulación na cobertura de postos de traballo, limitando deste xeito as ofertas temporais globais, e todo baixo o recurso as "necesidades do servizo", subxectivas e facilmente falseado pola Administración.
- Ábrese á cobertura de postos de Administración xeral, **sen reciprocidade**, a persoal doutras Escalas ou persoal de Administración Local con habilitación de carácter nacional do subgrupo A1, que como consecuencia da fusión de municipios poderán integrarse na Xunta de Galicia, o que evidencia un cambio total no escenario e un golpe máis á carreira administrativa do persoal da Administración xeral, posto que se ben non se suprime o dereito á promoción, a posta en práctica do novo marco legal limita o dereito para o persoal propio e facilita o acceso a postos directivos e de niveis superiores a persoal de escalas e de concellos, creando unha nova elite de traballadores na Xunta e incrementando a desigualdade de dereitos económicos e laborais.
- Procédese á **creación dunha serie de Escalas ou especialidades** que veñen a enrarecer o proceso negociador da integración do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Non alcanzamos a entender como categorías de persoal laboral, con funcións evidentemente laborais aparecen con carácter funcional, psx e auxiliar de clínica.
- Procédese á **creación das escalas de Brigadistas e Bombeiros Forestais**, que precisa aclarar os ámbitos funcionais e aplicar o desenvolvemento do acordo do 8 de setembro de 2016

En relación con estas gravísimas actuacións da Xunta de Galicia e de mala fe pola ocultación das cuestións que contempla a Lei de medidas que se tramita xuntamente co proxecto de lei de orzamentos, a FeSP-UGT de Galicia remitirá á Consellería de Facenda a súa valoración sobre a gravidade destes feitos, desenvolvendo unha campaña informativa entre os empregados e empregadas públicos dependentes da Xunta de Galicia, e recorrerá a todas as accións que estean ao seu alcance.

FeSP-UGT de Galicia entende que todas as organizacións sindicais, con presenza na Mesa xeral, máis alá de protagonismos infrutuosos, debemos denunciar **a mala fe amosada pola Xunta de Galicia e conseguir a recuperación do dereito á negociación colectiva real e efectiva e á recuperación de dereitos e salarios de todos os empregados e empregadas públicos.**